

**BASES I CERTAME DE ILUSTRACIÓNS
"SEMENTANDO SAÚDE"**



1. TEMÁTICA DO CONCURSO:

Elaboración de ilustracións co slogan "**Sementando Saúde**"

2. PARTICIPANTES:

Poderán participar todas as persoas, independentemente da súa idade.

Número de obras admitidas por persoa ou colectivo:

- ❖ Admitirase **unha ou varias ilustracións por persoa.**
- ❖ A participación neste concurso supón a aceptación da totalidade das bases do mesmo.
- ❖ Todas as ilustracións recibidas **exporanse nas redes sociais de Xaruma.**

3. REQUISITOS PARA A ELABORACIÓN Da ILUSTRACIÓN:

- As obras serán un deseño orixinal e inédito e non poderán ter sido usadas con anterioridade para outros colectivos ou concursos. O tema será o indicado nas bases.
- A técnica de realización será libre. O único requisito é que ten que ser trazado en cor negra.
- Os textos que se inclúan nos deseños deben estar en galego.
- Non poderán presentarse asinadas, nin levar sinais identificativos que permitan coñecer a identidade das persoas autoras.
- En ningún caso se presentarán inicialmente ilustracións orixinais impresas por envío postal ou en persoa, senón copias de calidade en soporte dixital, enviadas ao correo electrónico de contacto e envío.
- Os arquivos dixitais das ilustracións tampouco levarán o nome das persoas autoras; será no texto interno do correo de envío onde as deseñadoras e deseñadores poñerán o seu nome completo ou nome artístico.
- Estes arquivos estarán en **formato jpg ou tiff.**

**Todas as ilustracións que a entidade considere que non se axustan ao obxectivo do certame non se valorarán.*

**BASES I CERTAME DE ILUSTRACIÓNS
"SEMENTANDO SAÚDE"**



4. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS ILUSTRACIÓNS:

- **Do 11 de maio ao 14 de xuño do 2021:** inscrición e envío das ilustracións "Sementando Saúde" en formato *.jpg* ou *.tiff* a través do correo electrónico infoxaruma@gmail.com

Asunto do correo: Certame2021_ Título da túa obra

- **15 de xuño de 2021:** valoración por parte do xurado (composto polas traballadoras de Xaruma)
- **16 de xuño de 2021:** comunicación individual da ilustración gañadora.
- **16 de xuño de 2021:** comunicación pública da ilustración gañadora.

5. ENTREGA:

Os arquivos das ilustracións serán recibidos no enderezo de correo electrónico: infoxaruma@gmail.com cos seguintes datos no corpo da mensaxe:

1. Seudónimo do/a autor/a.
2. Título da obra.
3. Datos do/a autor/a: nome e apelidos, teléfono e correo electrónico.

6. PREMIOS

A ilustración mellor valorada recibirá unha camisola co seu deseño e unha cesta de produtos artesanais.

A ilustración gañadora será utilizada para facer unha remesa de camisolas.

7. XURADO E SISTEMA DE VALORACIÓN

- Xurado composto polas persoas que traballan na entidade.
- Para a valoración do xurado, realizarase unha votación ás tres mellores ilustracións. En caso de empate, realizarase unha nova votación tan só entre ás ilustracións empatadas.

BASES I CERTAME DE ILUSTRACIÓN
"SEMENTANDO SAÚDE"



8. ENTREGA DE PREMIOS

- As persoas premiadas serán anunciadas nas redes sociais e informaráselles persoalmente por correo electrónico.
- As persoa premiada realizará a recollida dos premios na "Festiña das Flores" (Teis) no mes de xullo. A data comunicárase no mes de xuño e sempre que as normas de prevención da COVID-19 así nolo permitan.
- En caso de non poder recollelo na data marcada, acordaríase unha nova data coa persoa gañadora.